

AXUDAS DO PROGRAMA CONECTA-PEME (ANO 2016)

Organismo convocante: Axencia Galega de Innovación (GAIN)

Bases e Convocatoria: [DOG 22 de decembro de 2015](#) (Núm. 243)

Corrección de erros: [DOG 4 de xaneiro de 2016](#) (Núm. 1)

Beneficiarios: Agrupacións de empresas PEMES con domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, cos requisitos seguintes:

- entre 2 e 6 empresas independentes
- unha delas actuará como líder do proxecto
- admítese unha gran empresa por consorcio, cun límite do 25% do orzamento total subvencionable
- no consorcio debe figurar como mínimo unha pequena empresa, como socia ou subcontratada para desenvolver actividades de I+D+i

As agrupacións rexeranse por un documento contractual que as regule.

Prazo: remata o **22 de xaneiro de 2016**

Actividades subvencionables:

- Proxectos de investigación industrial
- Proxectos de desenvolvemento experimental
- Proxectos de innovación en materia de organización
- Proxectos de innovación en materia de procesos

Características da convocatoria:

- Dotación orzamentaria: **25 millóns de euros**
- Axudas en forma de subvención
- Intensidade da axuda: entre o 15 e o 80% dos custos subvencionables en función do tipo de proxecto e do tamaño da empresa (artigo 7, punto 1)
- Axudas cofinanciadas no marco do Programa Operativo FEDER-Galicia 2014-2020
- Incompatibles coa percepción de calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade ou os mesmos custos. O total da axuda non superará o custo elixible.

Condicións dos proxectos:

- En consoancia cos retos da estratexia RIS3 de Galicia (artigo 2.7) e as súas liñas prioritarias (Anexo VI)
- Deben ter un orzamento financiable mínimo de 500.000€ e un máximo de 1.500.000€.
- Aportación mínima por cada membro da agrupación de 75.000€, cun reparto equilibrado e un máximo de participación individual do 65% do orzamento total subvencionable.
- Só se financiarán as actividades que se desenvolvan na C.A. Galega.
- A súa duración será de 2-3 anos (como máximo ata 31/12/2018).

Conceptos subvencionables:

- Persoal
- Equipamento e Material Instrumental de nova adquisición
- Materiais, subministracións e produtos similares

- Adquisición de patentes,
- Servizos Tecnolóxicos Externos
- Subcontratacións
- Custos Indirectos: 10% dos custos directos de persoal imputado ao proxecto

Subcontratación (de actividade investigadora):

- Debe estar xustificada e motivada na memoria técnica
- Poderán acadar ata o 50% do importe subvencionable do proxecto.
- Deberá obrigatoriamente subscribirse un contrato que recolla como mínimo os seguintes aspectos:
 - ❖ Obxectivos
 - ❖ Descrición das actividades
 - ❖ Data de inicio e duración total
 - ❖ Identificación dos investigadores participantes
 - ❖ Orzamento total e desagregación por anualidades
 - ❖ Acordo sobre propiedade dos resultados

O contrato debe ser presentado coa solicitude e autorizado pola GAIN

- Non son obrigatorias, pero **as subcontratacións con universidades**, organismos de investigación, centros hospitalarios, centros tecnolóxicos radicados en Galicia ou con organismos científicos con recoñecemento internacional **suporán un máximo de 15 puntos (sobre 100) no proceso de avaliación.**

Na UVIGO, estes contratos deben ser previamente revisados pola Oficina de I+D (OTRI). Pódese recoller un [modelo na web](#)

¡Atención! O prazo para a presentación dos contratos nesta Oficina finalizará o 20 de xaneiro de 2016.

Presentación de solicitudes: As [solicitudes](#) realizaranse no formulario normalizado xunto coa documentación requirida (artigo 20).

Máis información en:

No relativo ás subcontratacións de grupos da UVIGO por outra entidade:

Oficina de I+D (OTRI)

[Convocatorias colaborativas e contratos de I+D](#)

otri3@uvigo.es

986 81 38 96

Axencia Galega de Innovación (GAIN)

[Axudas Programa Conecta- Peme](#)

<http://gain.xunta.es>

e-mail: axudas.gain@xunta.es

Este resumen elaborouse con efectos meramente informativos. Calquera información dubidosa debe ser contrastada no boletín oficial correspondente á convocatoria referenciada